

EXPOCORUÑA MOSTRA DE ARTESANÍA DE GALIZA

Un total de 81 expositores de distintos paos da artesanía –autóctonos pero tamén do resto do estado, Portugal, Brasil e Suiza–, danse cita até mañá en ExpoCoruña, na primeira edición da Mostra de Artesanía de Galiza (MOA), que pretende ser un encontro entre profesionais para comercializar e divulgar o que se traballa coas mans.

Marcando a diferenza coas mans

REPORTAXE DE MARTA GARCÍA MÁRQUEZ

ExpoCoruña estende dende onte unha gran alfombra de cor laranxa para acoller a Mostra de Artesanía de Galiza (MOA), que impulsa Industria, e que se tece con elementos do país, a maioría, particulares que deciden levar a creatividade por complementos e instrumentos tradicionais ou ben por fillos de cerámicas caprichosas en tonalidades e formas, que falan dunha Gundivós negra e arresinada ou dunha Niñadagua amarela.

Entón un pode tender unha ponte entre os 81 expositores, dunha artesanía de tempo, que foi collendo unha identidade na cociña para acabar estando no salón até dicir que un pode identificar unha peza de Buño ou Bonxe sen problemas e aterrizar no inxenio suízo, país invitado na mostra, que traballa a porcelana en aneis ou fabrica orixinais lámpadas de papel.

Aí está o stand de Regula Wyss, que emprega a goma para retorcela en colares que apelan a formas xa sabidas. Así o visitante pode ataviarse con algas e labirintos de gomas. Atención! O material pode manchar, advirte un cartel.

Despois está Portugal, representado, entre outros, por un expositor que recolle restos textís das fábricas para crear grandes colares de teas que acadan unha lonxitude ou outra segundo o día, engarzadas con moedas e colgantes, ou soas, a modo de bufandas para o entretempo. Chámanse Etnyk e son de Lisboa. Deses desperdicios, saen complementos distintos, bolsas para ir á praia, alfombras e pulseiras nun exemplo de diferenciación no mercado.

Dentro xa dos representantes galegos, Sanín chama a atención. Porque en medio do stand, formado por instrumentos de percusión tradicionais, sobresaen pandeiretas de cores ou decoradas con brillantes de Swarovski, un modelo que pode ser adquirido entre 65 e 100



A directora xeral de Comercio, Ana Rúa, visitando os stands como o suízo de colares de goma

SUSY SUÁREZ

euros. O artesán compostelán comenta que os produtos teñen moita demanda, de xente con ganas de distinguirse, normalmente vencellada a grupos folk e tradicionais.

Deste modo, aparecen tamén pezas feitas con pel de corzo, que lle dan un toque máis primitivo se cabe xunto ás tradicionais que son branquexadas con sales de cromo. A actividade alberga un apartado importante para a orfebrería, de

xoias que levan, moitas, simboloxías celtas, formas sinxelas e complicadas, en prata, alpaca ou acibeche.

Programación > A directora xeral de Comercio, Ana Rúa, sinalaba antes da visita que MOA vén cubrir un espazo baleiro para ser referente: "Había feiras de venda directa ou multisectoriais pero ningunha de carácter profesional. Ademais, a artesanía complétase

cunha galería e actuacións, de figuras como Susana Seivane ou bOnOvO, a partir das 20.30, que se serven de materiais tradicionais para facer música.

Tamén haberá unha exhibición de traxes antigos, cedidos polo Museo do Encaixe de Camariñas, no que se incluírá un vestido de noiva, e unha demostración ao vivo, hoxe e mañá, da Asociación de Redeiras O Fieital de Malpica.